







ARREDOR DO DEBATE SOBRE A CONSTITUCIÓN EUROPEA


Esquerda Nacionalista

SETEMBRO 2004-MARZO 2005

índice

 Esquerda Nacionalista	Argumentário sobre a postura a manter perante o referendo do proxecto de Constitución europea	3
	Borrador para discusión na Executiva do BNG	7
 Esquerda Nacionalista	O BNG e o SI CRÍTICO ao Tratado Constitucional europeo	12
 Esquerda Nacionalista	Perante a tomada de postura definitiva no Consello Nacional do BNG	17
	Valoración do Referendo do 20 de Febreiro	20
 Esquerda Nacionalista	Valoración (auto)crítica do referendo da Constitución Europea	22
	Análise estatística dos resultados	26
	Deseño do calendario realizado por EN-Mocidade	30

ARGUMENTÁRIO SOBRE A POSTURA A MANTER PERANTE O REFERENDO DO PROXECTO DE CONSTITUCIÓN EUROPEIA.

Documento aprobado pola Mesa Nacional de E.N. en Setembro de 2004

ELEMENTOS POSITIVOS QUE SUPOÑEN AVANZOS IMPORTANTES

AVANZO NA UNIDADE POLÍTICA

- Atribuí por vez primeira unha personalidade xurídica única á Unión Europea.
- Simplifica e mellora anteriores Tratados clarificando competencias.
- Consagra a supremacía do dereito europeo sobre o dos Estados.
- Cría unha Presidencia estábel da UE.
- Consolida un espazo europeo de liberdade, seguranza e xustiza.
- Cria a base xurídica para a creación e desenvolvemento dos partidos políticos europeos como base da formación política da consciencia europea.

POLÍTICA INTERNACIONAL

- Dá-lle capacidade de representación á UE nas actuacións no ámbito internacional:
- Cria-se o posto de Ministro de Asuntos Exteriores.
- Cria un corpo de representación diplomática comun no mundo.
- Menciona explicitamente unha política internacional europea de prevención de conflitos, arfortalamento da democracia, funcionamento da lei e dos dereitos humanos e promove un sistema internacional baseado nunha cooperación multilateral mais forte.

EUROPA SOCIAL

- Reforza os dereitos sociais e sindicais.
- Recoñece especificamente o papel dos interlocutores sociais.
- Recolle a coesión territorial xunto á económica e social
- Defensa do modelo social europeo de Economía Social de Mercado e de pleno emprego.
- Uso sistemático dunha linguaxe non sexista na súa redacción.
- Igualdade de xénero e exixencia de presenza feminina na Comisión Europea.

DEMOCRACIA

- Integra a Carta de Dereitos Fundamentais (con importantes dereitos sociais) e adere-se á Convención Europea dos Dereitos Humanos.
- Representa unha concreción no camiño de superar unha das eivas que sempre lle achamos á UE, o déficit democrático derivado de recair as decisións máis relevantes que se toman por organismos non submetidos a procesos de avaliación popular.
- Afortala o as funcións do Parlamento Europeo como cámara de representación de elección directa e de control político á xestión: elección do Presidente da Comisión, dos representantes de cada Estado no executivo europeo e na aprobación do orzamento.
- Amplia a tomada de decisións por maioría cualificada e reduce a capacidade de bloqueio ao eliminar o dereito a veto en moitos asuntos (seguranza social inmigrantes).
- Introduce a democracia participativa no título VI pola que a Comisión estará obrigada a tratar un tema determinado se así o exige un millón de asinaturas en varios Estados.

- Inclusión dos valores de “igualdade” e “non discriminación” podendo ser castigados coa retirada do dereito de voto os Estados que non cumpran os valores da UE.

MEIO AMBIENTE

- A protección ambiental é considerada un dereito fundamental.
- Identifica o “desenvolvemento sustentábel” como un dos obxectivos da Unión Europea.
- Separación xurídica do Tratado de Euratom (enerxía atómica)

ELEMENTOS QUE CONSIDERAMOS INSUFICIENTES:

- Procedimento: non se deu un proceso constituinte (Convención)
Contraponto: Non se pudo dar un proceso constituinte xa que nesta altura non está desenvolvido o concepto de “cidadanía europea” necesario para derivar nun proceso desas características.
- Sacraliza a natureza da UE como Europa dos Estados e dos Cidadáns.
Contraponto: Inclui –contra a vontade expresada daquela polos representantes do goberno do Estado español- mencións expresas aos povos da Unión (“o destino dos povos da Europa”, “o benestar dos povos da Europa”).
- Orientación neoliberal: Reafirmación do mercado/moeda única baseado no capitalismo transnacionalizado, excesiva autonomía do Banco Central Europeu
Contraponto: A defensa da Economía Social de Mercado e a Carta de Dereitos, reconece como dereitos conquistas económico-sociais logradas nas loitas do movemento obreiro e os partidos da esquerda.
- Mantén como linguas oficiais unicamente a dos Estados membros.
Contraponto: as institucións europeas posibilitano uso oral do galego dentro da oficialidade de galego-portugués (opcional) e reconece a pluralidade lingüística obrigando a resposta ao administrado na súa lingua (cousa que o Estado español non fai).
- Non reconece o dereito de autodeterminación das nacións sen estado.
Contraponto: O proxecto non nega por principio a mudanza das fronteiras internas dos Estados (tal como pode ocorrer a teor dos Acordos de Stormont coa Irlanda do Norte integrando-se na República de Irlanda e deixando o Reino Unido).
- Ignora a existencia de nacións/rexións dotadas de competencias legislativas propias.
Contraponto: A Constitución Europea non impede nen proibe que as Comunidades Autónomas podan participar nas reunións do Consello de Ministros cando se traten cuestións da súa competencia. Esta facultade fica a expensas do criterio de cada Estado se estes así o decidiren polo que serán as dinámicas internas de cada Estado, e no caso galego a dos propios galegos os que marquemos até onde chegar.

CONCLUSIÓN

O PROXECTO DE CONSTITUCIÓN EUROPEIA REPRESENTA GLOBALMENTE UN AVANZO COA SITUACIÓN ACTUAL PORQUE:

1. Frente a un proceso de construción europeu exclusivamente centrado na construción dun mercado e moeda únicos carente dun proceso de construción política, a Constitución Europea reforza a **estrutura máis**

política da Unión Europea de cara a converté-la nun polo de equilibrio/contrapoder fronte a forza política, económica e militar dos EE.UU. nunha orde mundial unipolar como a actual.

2. Consolida a cidadanía europea con **direitos fundamentais e liberdades** para todos (civís, sociais, culturais e medio-ambientais) non garantidos noutras latitudes (EE.UU., América Latina, Sueste Asiático, China...).
3. Como **proxecto político** representa un marco de desenvolvemento social baseado no benestar dos povos, asentado nos valores da democracia parlamentar, a defensa dos dereitos humanos, a non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade, a igualdade de xénero e das liberdades individuais e colectivas. No plano internacional aposta por unha política de Paz, de prevención dos conflitos, afortalamiento da democracia e pola promoción dun sistema internacional baseado nunha cooperación multilateral máis forte.
4. Frente ao modelo norte-americano de capitalismo selvaxe defende o **modelo social europeo (Estado do Ben-estar)**, isto é, que o Poder Político é quen establece as condicións básicas polas que se desenvolve a competencia no mercado e vela polo equilibrio social. Nunha orde mundial baseada na globalización neoliberal supón en certo grao a supeditación da economía á política.

DO PONTO DE VISTA DAS EXIXENCIAS DO NACIONALISMO GALEGO O PROXECTO DE CONSTITUCIÓN EUROPEIA NON É TOTALMENTE SATISFATORIO E MOITOS DOS SEUS PUNTOS SON MELLORÁBEIS.

- Apesar das caréncias detectadas, a Constitución Europea non é un punto de chegada senón que é un **paso adiante** nun proceso histórico que necesariamente vai ir a máis no futuro. O nacionalismo galego xunto con outras forzas nacionalistas e progresistas da Unión debe facer todo o posíbel para garantir que este primeiro paso non sexa o último de cara a realización do proxecto da Europa dos Povos que defendemos.
- A Constitución non fecha as portas a desenvolvementos lexislativos e a políticas concretas posteriores nunha conxuntura e correlación de forzas favorábel á esquerda: a Constitución é reformábel.

EN BASE A ESTAS ARGUMENTACIÓNS APOSTAMOS POR UN **SI CRÍTICO** POR SER A POSTURA MÁIS REALISTA E PRAGMÁTICA.

CONSIDERACIÓNS DE CARÁCTER PRAGMÁTICO

Á hora de tomar postura perante o referendo o BNG, tal como aprobou na última asemblea, debe "analizar o xeito máis eficaz de facer chegar claramente as nosas teses na procura do máximo entendimento e apoio social ás mesmas".

O nacionalismo precisa dotar-se dunha análise serena e séria, que recoñeza os avances e critique os elementos máis discutíbeis ofrecendo alternativas que sexan interpretábeis.

RISCOS DO NON:

- Isolaría-nos politicamente (en base ao resultado previsíbel) perante as eleccións autonómicas de 2005
- Non sería entendido pola maioría da sociedade galega (nomeadamente na xuventude) na que non existe unha percepción negativa xeneralizada sobre a Unión Europea (asociada á idea da modernidade, progreso, oportunidades, euros...)
- Estigmatización de "os do non", "europeístas en negativo",...

RISCOS DA ABSTENCIÓN:

Para unha forza como a nosa que xoga nas regras eleitorais, que concorre as eleccións para gañar poder e transformar a sociedade e que se presenta como forza de goberno sería un erro trasladar-lle á nosa base social-eleitoral a idea de que o mellor é ficar o día do referendo na casa e non ir votar.

BORRADOR PARA DISCUSIÓN NA EXECUTIVA DO BNG

*Documento presentado pola Executiva Nacional do BNG ao Consello Nacional en
29/10/2004*

A) O BNG E A CONSTITUCIÓN EUROPEA

O BNG traballa por unha Europa dos pobos unida, social e democrática. Unha Europa que promova a cohesión social e territorial no seu interior e que, fronte ao militarismo dos Estados Unidos, defenda e pratique unha política internacional de paz e de respecto aos dereitos humanos e á soberanía dos pobos. Unha Europa que promova unhas relacións económicas mundiais máis xustas, apartir do dereito de todos os pobos a un desenvolvemento económico autocentrado e sustentábel e á soberanía alimentar.

Sabemos que non estamos sós. Somos millóns os europeos e europeas que traballamos por unha Europa e por un mundo distintos. Nos Foros Sociais Europeos. Nos sindicatos e nas organizacións agrarias. No ecoloxismo e nas organizacións feministas. Nos movementos xuvenís e viciñais. Nas organizacións non gobernamentais e nos movementos relixiosos de base. Nas organizacións políticas das nacións sen Estado europeas. Sabemos que tamén na Galiza son maioría os cidadáns e cidadás que, sen renunciaren a seren europeos e europeas, queren que a Unión Europea que signifique algo máis que reconversión industrial, cotas lácteas ou recortes pesqueiros. Unha Europa que nos recoñeza como pobo, cunha lingua e unha cultura de seu, e na que queremos participar directa e activamente. Unha Europa que non negue o dereito básico a producir e de viver e traballar na nosa terra.

Queremos que Europa conte cunha verdadeira Constitución. Cunha norma fundamental elaborada por unha asemblea elixida democraticamente por todos os pobos europeos. Cunha Carta de Dereitos que recoñeza e garante os dereitos e as liberdades de todos, incluídos os dereitos sociais, a comezar polo dereito a unha existencia digna e asegurada. Cunha organización institucional equilibrada e respeitosa do principio de división de poderes. Unha Constitución Europea, enfin, para construír unha Europa dos pobos, socialmente avanzada e en paz.

Porén, como **organización política galega, demócrata e progresista**, constatamos que o “Proxecto de Tratado polo que se institúe unha Constitución para Europa”, aprobado polos gobernos dos Estados membros no Consello Europeo de Dublín de Xuño de 2004 non contribúe á construción desa Europa pola que traballamos.

Como **galegos e galegas**, formamos parte deses máis de 40 millóns de cidadáns e cidadás da Unión Europea que pertencentes a unha nación sen Estado. Mais esta realidade é ignorada por un Tratado Constitucional que non nos recoñece como pobo, que non recoñece a nosa lingua como oficial e que non permite que as nosas institucións executivas e parlamentarias podan participar directamente nos órganos da Unión para exercer as súas competencias e defender os nosos intereses. Ao fin, todo segue dependendo do Estado: a lexitimación de Galiza perante o Tribunal de Xustiza, a participación no Consello e na elaboración de políticas industriais, agrarias e pesqueiras que afectan a Galiza, a circunscrición electoral nas eleccións ao Parlamento Europeo. Un Tratado Constitucional que nega dereitos fundamentais dos pobos, recoñecidos polo Dereito Internacional, como o dereito de autodeterminación e que afirma – eis a grande contribución española – o principio de intanxibilidade das fronteiras dos Estados membros.

Lonxe de avanzar na construción dunha Europa máis unida, o Tratado Constitucional teima nunha Europa dos Estados. As tímidas referencias ao principio de subsidiariedade e a regulación dun xa existente Comité das Rexións, de carácter consultivo e onde se mesturan nacións sen Estado, rexións e entes locais non abundan para mudar o xuízo claramente negativo que neste punto nos merece o Tratado.

Como **demócratas** pensamos que só se poden denominar Constitucións as normas que organizan democraticamente o poder público, que recoñecen e aseguran de forma efectiva os dereitos e liberdades das persoas e os pobos e que son elaboradas por unha asemblea elixida directamente por toda a cidadanía. Mais no Tratado Constitucional non concorre nengunha destas notas:

- Foi elaborado por unha Convención de notábeis e non por unha asemblea constituínte elixida polo conxunto dos cidadáns e cidadás de Europa.
- Teima nunha Europa dos Estados. Máis en concreto nunha Europa dos Executivos estatais, crescentemente liberados do controlo parlamentar. O Tratado non avanza na construción dunha democracia participativa e que insiste en concentrar no Consello e na Comisión – integrados exclusivamente por representantes dos gobernos estatais – os poderes máis relevantes negándolle ao Parlamento Europeo mesmo a iniciativa lexislativa.
- A Carta de Dereitos que contén é un texto devaluado: reduce os dereitos sociais a meros “principios”– así por exemplo, non hai “dereito ao traballo”, senón “dereito a traballar”; non hai dereito a unha vivenda digna mais apenas o dereito a unha “axuda” en materia de vivenda – que, ademais, son libremente interpretábeis polos Estados. Por se o anterior non abundase, abre a porta, através da denominada “cláusula de solidariedade” (art. 42), á suspensión dos dereitos fundamentais e a intervencións policiais e mesmo militares en nome da “luita contra o terrorismo”, dando cobertura ás leis de excepción que tras do 11-S foron aprobadas en diferentes Estados europeos. Uns dereitos limitados que, ademais, sonlles negados aos millóns de traballadores europeos de orixe latinoamericana, africana ou asiática que carecen de papeis e mesmo aos cidadáns dos novos países membros do leste de Europa que, durante anos, verán negada a súa “liberdade comunitaria básica” de libre circulación. Entre eles, por certo, milleiros de descendentes de emigrantes galegos.

Do punto de vista do **progreso social** é certo que, en aparente contraste cos Tratados anteriores, o Tratado Constitucional contén referencias sociais – á “solidariedade”, ao “pleno emprego”, ao “combate contra a marxinação social” ou ao “progreso social” –, ambientais – “desenvolvemento sustentábel”– e de política internacional – a “paz” e o compromiso cos “dereitos humanos e a Carta das Nacións Unidas”. Mais esta impresión positiva inicial desaparece cando comprobamos que, nunha ecuación imposíbel, todos estes obxectivos e valores se subordenan á consecución dunha economía “altamente competitiva” e dun “mercado único no que a competencia sexa libre e non estexa falseada” e que aposta pola paz e o Dereito Internacional quere facer compatíbel co mantimento dos compromisos asumidos pola maioría dos Estados membros – entre eles España – coa OTAN e cunha doutrina militar e defensa que postula abertamente as intervencións preventivas fóra do territorio da Unión.

A proba do nove constitúea o feito de que mentres as políticas e normas en materia de competencia e mercado interior poden aprobarse por maioría cualificada do Consello, as relativas a materia fiscal e social requiren a unanimidade. Dito doutro xeito, garántese a libre circulación de mercaderías, capitais e servizos ao tempo que se renuncia a harmonizar as condicións laborais, a protección social e a fiscalidade no conxunto dos Estados membros. Ábrese pois a porta ao dumping

porque, como se vai conseguir a unanimidade en materia social e fiscal nunha Europa a 25 coas disparidades existentes entre os diferentes Estados e o interese, evidente, das grandes empresas multinacionais en que esta disparidade se mantéña? Máxime cando é o Banco Central Europeo, isento de calquer procedemento democrático de elección e control, a institución que vai dirixir a política económica e monetaria da Unión, conforme á máis pura ortodoxia neoliberal e sen atención a caisquer consideración social, ambiental, territorial ou de xénero.

Por outra parte, e dado que se mantén o límite do 1,27% do PIB para o orzamento comunitario, os mesmos cartos até agora existentes terán que se repartir entre as actuais rexións obxectivo nº 1 – como Galiza – e os novos Estados membros no que supón unha renuncia, na práctica, á cohesión e equilibrio territoriais no seo da Unión Europea.

A cidadanía galega e europea debe abrir o proceso que nos leve a outra Europa. Unha Europa plenamente democrática que recoñeza a súa diversidade nacional e cultural. Unha Europa que abandone a obsesión mercantilista e o culto á competitividade en favor do benestar, a cohesión social e territorial e o pleno emprego. Unha Europa que aposte pola sustentabilidade no canto de facelo polo produtivismo. Unha Europa que aspire de verdade a harmonizar as condicións de vida en todos os Estados membros. Unha Europa aberta e non excluinte, que promova e pratique unhas relacións políticas e económicas internacionais solidarias e respeitosas do dereito de todos os pobos ao desenvolvemento económico e o autogoberno.

B) REFERENDO E O CONTEXTO MUNDIAL E EUROPEO

A Dialéctica internacional no plano das ideas e dos modelos estase a producir entre por un lado o que representa a Globalización ultraliberal e polo outro a estruturación política e económica da diversidade en beneficio mutuo, como plantexamento máis igualitario entre os pobos e entre as persoas.

As circunstancias políticas internacionais veñen marcadas pola tendencia á suplantación na orde mundial da anterior política de Bloques pola imposición da Globalización ultraliberal. É necesario neste intre fixar as posicións en base a principios e valores de futuro non só a xustificacions de coxuntura e inmediatez. Os valores fundamentais a defender no contexto actual deberían ser: o respecto no plano político as creacións humanas que teñen a plasmación na diversidade nacional; e non aqueles que poidan servir para consolidar modelos políticos que nos seus fundamentos básicos están rexidos polo mercantilismo e a monetarización que non ten reparo en recurrir a rapiña e as ocupacións militares para apropiarse e controlar os recursos do planeta, e que provoca enormes desigualdades entre os pobos e as persoas. No momento convulso que está a vivir o mundo é tempo de involucrarse na toma de decisións en base a valores e principios que den esperanza de futuro e que contribúan a correxir o rumbo da orde internacional que se quere impoñer, por outra orde onde o básico sexa o respecto a diversidade, a igualdade social e, xa que logo, o respecto ás nacións no plano político, económico e social como valor de futuro. Non é tempo de posicionarse acomodaticamente pola rutina dos modelos e tratados.

O contexto internacional pode permitírnos facer unha campaña moi explicativa do que representa o nacionalismo como esperanza para unha orde mundial e europeo diferente ao que está contemplado e vai contribuir o tratado. Unha orde baseada na diversidade, no respecto e beneficio mutuo, no respecto as creacións

dos homes e dos pobos, na igualdade social. Debemos ter en conta que o rexeitamento do Tratado non provocaría ningún caos, senón que abriría a necesidade de reconsiderar o modelos na forma e no fondo. Pola contra a consagración do Tratado significa unha dificultade adicional para modificar no futuro unha situación cunha Europa ampliada e sen capacidade de decisión de Galiza, que en cuestións concretas como fondos, políticas sectoriais, etc..., pode ser moi perxudicial para as posibilidades de desenvolvemento autocentrado.

C) O REFERENDO E O CONTEXTO ESTATAL

A vixencia do noso proxecto político e mesmo de Galiza como nación, debería motivarnos para ser quen de definir a nosa posición, en momentos relevantes, pola posta en valor do nacionalismo galego como valor de presente e de futuro. Eso levaría, neste caso, a identificar os perfiles do noso proxecto e non entrar no "totum revolution" das reflexións que sacralizan o tratado sen entrar a fondo no seu contido. **Trátase de opinar sobre que Europa, e que Mundo queremos, e non de comulgar dogmática e acriticamente co prato que nos poñen diante.**

No propio contexto do debate sobre o modelo de Estado, debilitariase a nosa posición estratéxica de reforma constitucional, do Novo Estatuto, e de Estado Plurinacional, que estamos a defender, se no terreo da articulación de Europa non somos capaces, na dialectica que se vai dar en Galiza e no Estado, de identificar siquera minimamente o noso proxecto e de presentar un modelo coherente de Europa co que estamos a defender eiqui. **Cómo é posíbel estar defendendo para o Estado unha arquitectura que logo pode ser negada na concepción institucional europea sen enfrontar tamén esta?**

No intre político que estamos, o adoptar unha posición de coxuntura que nos faga aparecer mesturados cos que teñen as definicións máis radicais en contra da plasmación do carácter plurinacional do Estado, lonxe de evitarnos un problema colócanos nunha posición de enorme debilidade para o futuro.

O contexto en que se producirá o referendo e a campaña xa nos podemos imaxinar cal será: vincular o Tratado ao concepto de Europa (Europa só pode ser a do Tratado), pretender equiparar democracia e Tratado, utilizar a posición anecdótica de determinadas forzas políticas para descalificar calquera reflexión crítica sobre o Tratado, etc. **Pero ese contexto é o que estamos a vivir os nacionalistas no Estado español dende fai xa algún tempo e pode ser unha boa ocasión para non agachar a cabeza e explicar o que somos e o que queremos para poder participar como nación no Estado e en Europa: non queremos demoler o edificio senón que se asente en pilares sólidos, onde o recoñecemento da diversidade nacional sexa respectada no plano da articulación institucional, como primeiro peldaño de ámbito de decisión política, de poder político real entendido como tal, con executivo, lexislativo e xudicial. E sobre esa singularidade que representa o respecto ás creacións nacionais diversas, construír coherentemente o resto do edificio: Estado, Europa...**

D) O REFERENDO E O CONTEXTO GALEGO

O Referendo producirase, practicamente, en campaña electoral. A nosa ten que ser unha toma de postura que nos permita fortalecer as nosas posicións diferenciadas e, nese sentido, o discurso de poñer en valor Galiza, a súa capacidade de decisión, e no plano político o nacionalismo, tamén nos coloca en mellor posición para afrontar a campaña. As persoas con un mínimo de conciencia nacionalista, e os sectores da mocidade e outros que nos procesos recentes poideron ter un certo

distanciamento do BNG, estaríamos en mellores condicións de ilusionalos novamente e que se achegaran a nós, con un discurso onde puxéramos en valor o nacionalismo e a singularidade do noso proxecto. A confusión do noso discurso nun magma máis ou menos difuso co de outras forzas, debilitaría a posición de quen considera que en Galiza é necesario unha alternativa e non só unha alternancia. Mesmo sería unha boa ocasión para identificar as coincidencias que no plano do modelo social teñen os partidos que defenden un Tratado de claro contido ultraliberal, mercantilista e monetarista.

E) A NOSA POSICIÓN

Xa que logo hai moitas razóns para votar NON a este Tratado Constitucional. Porque queremos unha Europa distinta e unha verdadeira Constitución Europea, elaborada por unha asemblea constituínte elixida por todos os cidadáns e cidadás de Europa e que sente as bases dunha Europa dos pobos, máis democrática, máis social e comprometida de verdade coa paz e cunhas relacións internacionais máis xustas.

O BNG E O SI CRÍTICO AO TRATADO CONSTITUCIONAL EUROPEU

Documento presentado por E.N. no Consello Nacional de 29/10/2004

1. O povo galego é europeu cultural e historicamente e Galiza é unha Nación europea. Por isto o nacionalismo galego historicamente nunca se negou a un proceso de unidade política europea. Máis aínda, desde que se expresa en coordenadas progresistas (*Sempre en Galiza*) o nacionalismo galego é claramente europeísta. Na actualidade na Galiza son maioría os cidadáns e cidadás que son europeístas e que queren que a Unión Europea signifique algo máis que unha moeda e un mercado único.
2. Até o momento a UE significou un proceso de construción exclusivamente centrado en criterios economicistas que adolecía dun proceso de construción política. A súa implementación supuxo unha División Internacional do Traballo, que trouxo para Galiza reconversión industrial, cotas lácteas, recortes pesqueiros, a negación do dereito básico a producir, vivir e traballar na nosa terra. Galiza tampouco pudo aproveitar as vantaxes que a UE ofreceu via Fondos Europeus (caso da República de Irlanda) pola marxinalización, reparto e aplicación interna deses fondos polo Estado español. No plano político este proceso supuxo tamén a construción dunha Europa tecnocrática.
Como partícipes dun Proxecto Comun plural e frentista, desde o BNG fomos críticos e soubemos DICER NON á chamada Europa dos Mercadores.
3. Co "Proxecto de Tratado polo que se instituí unha Constitución para Europa" pasa agora a dar-lle unha estrutura máis política no aspecto institucional e democrático. Non se trata dun punto de chegada, senón dun paso adiante dun proceso histórico que necesariamente vai ir a máis na dirección pola que o actual protagonismo dos Estados pase de vez aos povos e aos cidadáns.
A Constitución europea representa unha concreción no camiño de superar unha das eivas que sempre lle achacamos á UE: o déficit democrático derivado de recair as decisións máis relevantes que se toman por órganos e institucións non submetidas a procesos de avaliación popular.
 - A UE gaña en lexitimidade democrática. Reforzan-se os poderes do Parlamento Europeo como cámara de representación de elección directa e de control político á xestión no conxunto de toda a lexislación, convertendo a codecisión Consello-Parlamento na regra habitual (que se estende de 34 a 70 materias), convertendo-se a unanimidade na excepción (reservada a 16 materias, embora moito importantes).
 - Os Estados perden poder ao reducir-se o dereito a veto/bloqueo en moitos asuntos (seguranza social de inmigrantes).
 - Introdúz a democracia participativa no título VI pola que a Comisión estará obrigada a tratar un tema determinado se así o exixir un millón de asinaturas en varios Estados.

Incrementa-se de forma moito importante a protección dos dereitos fundamentais dentro da UE. Incluíu-se con valor xurídico vinculante á **Carta de Dereitos Fundamentais**, o que asegura unha protección máis eficaz dos dereitos individuais e colectivos dos cidadáns perante o Tribunal de Xustiza da UE.

Fican excluídas da UE lacras como a pena de morte ou tortura e elevan-se a rango constitucional dereitos como a xustiza social a integración das persoas discapacitadas, a protección social e a non discriminación por motivos de raza, xénero, étnica, relixión, idade ou orientación sexual entre outros,

podendo ser castigados co dereito de voto os Estados que non cumpran estes valores (Art.II-81).

4. Aínda que o proxecto de Constitución Europea tivese sido realizado cunha correlación de forzas favorábel á dereita, non se trata dun modelo neoliberal recalcitrante e ultraconservador. Se así o for o seu modelo non se distinguiría do norte-americano de capitalismo salvaxe internacionalizado. Con todas as súas caréncias, o Tratado Constitucional recolle o **modelo social europeo** ou modelo do Estado do ben-estar. Nengun outro modelo ten aportado as máis altas cotas de ben-estar e de democracia política e social aos/ás cidadáns/ás europeos/as. Os seus piares fundamentais (o obxectivo do pleno emprego, o recoñecemento da concertación social entre sindicatos e empresarios, unha fiscalidade redistributiva e unha política de gasto público social) figuran no proxecto constitucional e permiten que o Poder Político sexa quen estableza as condicións básicas polas que se desenvolva a competencia no mercado e vela polo equilibrio social.
5. Do punto de vista do **progreso social**, a diferenza de Tratados anteriores, o Tratado Constitucional contén referencias e dereitos sociais lonxe do que representan o modelo EE.UU, Xapón, China ou Sueste asiático tais como:
 - recoñecemento da coesión económica e social (Art III-220 e III-221);
 - o recoñecemento do dereito de información e consulta dos traballadores na empresa – que ignora a constitución francesa. (Art. II-87);
 - o dereito a folga e negociación colectiva (Art. II-88),
 - a protección contra os despedimentos abusivos (Art. II-90);
 - á limitación da duración máxima do traballo e dereito a vacacións remuneradas (Art. II-91-2);
6. O BNG entende a **autodeterminación** como un proceso progresivo de conquista de poder e de parcelas de soberanía non limitando a súa definición ao recoñecemento de que nun momento concreto se realice un referendo sobre aspectos que atinxan á soberanía da Galiza. Nas condicións nacionais galegas a autodeterminación ten un duplo carácter:
 - Proceso de conquista da hexemonía política polo nacionalismo galego, isto é, a conquista da maioría necesaria para asumir o Goberno Galego no marco autonómico en base á ao avance da auto-organización do pobo galego
 - Rotura co marco constitucional español vixente de tal maneira que nun momento dese proceso, nunha mudanza constitucional a nivel de Estado, Galiza poda optar como nación a establecer relacións soberanas coas nacións do Estado e se dote das fórmulas superestruturais acaídas para o exercicio decisório da súa soberanía política (Estado independente, federado, confederado ou mesmo Comunidade Autónoma asimétrica).
7. Por tratar-se dun Tratado-Constitución feito polos estados para se regularen entre si, non recolle o dereito inalienábel á Autodeterminación e Independencia das nacións sen Estado. Ora ben, o proxecto de Constitución –contra o repetidamente argumentado no Estado español- non nega por principio a posibilidade de modificación das fronteiras internas dos Estados. De afirmar-se isto a Constitución prohibiría, por exemplo, de xeito absurdo e inaplicábel, que un día se cumpran os acordos sobre Irlanda do Norte entre Irlanda e o Reino Unido, que poderían conducir á modificación das fronteiras deses dous Estados de integrar-se o Ulster na República de Irlanda e deixando o Reino Unido.

O texto, obviamente, considera esa función como unha das específicas dos Estados e non da Unión –unha función que sería tamén propia dun hipotético Estado galego-, sen que iso signifique, como se di irresponsablemente desde posicións diversas, que a Unión proiba unha Constitución plurinacional nun Estado membro, nen tampouco en si mesmo a negación do dereito de autodeterminación.

8. Do punto nacional galego, pór como unha das reservas principais para votar o NON a falta de recoñecemento explícito do carácter de nación sen Estado da Galiza e a non incorporación da nosa lingua nacional como lingua oficial, supón tentar trasladar ao nivel europeo a súa falta de recoñecemento por parte do Estado español, que é o que ten nas suas mans a posibilidade de que o goberno galego poda estar presente nos ámbitos de decisión europeos para exercer as suas competencias e defender os nosos intereses, así como na formación e expresión da posición do Estado perante os organismos da Unión que afecten a Galiza, como xa veñen facendo países como Bélxica ou Alemaña.
9. A participación dos gobernos de nacións sen Estado que teñen hoxe competencias lexislativas na política europea, se ben non se recoñece explicitamente, deixa-se en mans dos gobernos dos Estados se estes así o decidiren. No que atinxe ao principio da subsidiariedade, no referido en materia de consulta aos Parlamentos dos Estados, abre-se unha oportunidade ao poder reforzar o papel do Goberno e do Parlamento galego en asuntos europeos, se así se desenvolve na normativa que o Parlamento español deberá de aprobar ao respecto.
É portanto na frente do Estado español na que se ha de loitar e demandar responsabilidades de cara ao recoñecemento do Estado Plurinacional real. Non é, portanto, a Constitución europea a que fecha as portas.
Outras cuestións de importancia (lexitimación da Galiza perante o Tribunal de Xustiza, a participación no Consello ou a circunscrición eleitoral galega nas eleccións ao Parlamento Europeo) fica aberta ao que saia do Novo Estatuto de Galiza.
10. O proxecto de constitución mantén como **línguas oficiais** unicamente a dos Estados-membros. A batalla por un maior recoñecemento do galego ten que gañar-se en España xa que a responsabilidade deste tema recai na lexislación española e na vontade do goberno español. Se a Constitución española considerase ás línguas nacionais da Galiza, Euskadi e Cataluña como oficiais ao nivel do español é indubitábel que tería favorecido a súa inclusión no Tratado Constitucional.
A diferenza do caso basco e catalán, no caso galego, institucións europeas como o Parlamento posibilitan o uso oral do galego dentro da oficialidade de galego-portugués. Chega con que nos recoñezamos na identidade galego-portuguesa, que xa é oficial e que actuemos en consecuencia, como xa o fixo o BNG no Parlamento Europeo sen obstáculo nengun.
11. No cenário internacional os Estados Unidos exercen un poder político militar unipolar que lle permite un crescente intervencionismo en diversas partes do mundo, deixando ver as suas intencións de dominación e hexemonia a escala mundial, e que se puxo de manifesto na violación das resolucións das Nacións Unidas, recorrendo ao uso da forza e emprendendo unha escalada bélica, co só fin de atender e responder aos seus intereses estratéxicos (guerra do Iraque).
Este contexto internacional permite-nos facer unha campaña explicativa do que o nacionalismo galego pode representar como esperanza por unha outra globalización para o cal o Tratado constitui un marco para:

- converter, a teor dunha estrutura política máis forte, a Unión Europea nun pólo de equilibrio/contrapoder frente a forza política, económica e militar dos EE.UU. nunha orde mundial unipolar como a actual. A vontade, aínda fraca, da UE de ser actor na cena mundial das institucións multilaterais bate co unilateralismo dos EE.UU.
 - promover un modelo de política internacional que aposte: por unha política de Paz, de prevención dos conflitos, afortalamiento da democracia, pola promoción dun sistema internacional baseado nunha cooperación multilateral máis forte e o compromiso cos “direitos humanos e a Carta das Nacións Unidas” (Art.I-3-4).
12. O proxecto constitucional non impede que a UE sexa un espazo para a realización das transformacións sociais necesarias e a posibilidade mellor para intervir polo ben da humanidade. Con efecto, o texto promove a coesión social e económica no seu interior (Art. I-3-3, Art III-220, Art. III-221); fronte ao militarismo dos EE.UU. defenda e pratique unha política de paz e de respecto aos dereitos humanos e soberanía dos povos (Art. I-3-4, Art. I-41-1); unhas relacións económicas mundiais máis xustas (Art. III-292-1, Art III-292-2-d,f); e un desenvolvemento sustentábel (Art. II-97, Art III-119).
13. O rexeitamento do Tratado non provocaría nengun caos, mais supón dar-lle un SI ao Tratado de Niza, por múltiples motivos, peor que o actual porque:
- A Carta de Dereitos Fundamentais non ten valor xurídico vinculante;
 - Non hai nengun recoñecemento dos sindicatos nen indicación a favor do diálogo social europeo;
 - O pleno emprego, o progreso e a xustiza social, a diversidade cultural, a coesión económica e social ... non figuran como obxectivos da UE;
 - Calquer medida legislativa/regulamento contraria aos seguintes obxectivos non poderá ser anulada polo Tribunal de Xustiza Europeo: promoción dun elevado nivel de emprego, garantía dunha protección social adecuada, loita contra a exclusión social, promoción dun elevado nivel de ensino, formación e protección da saúde humana,...
 - Reforza o poder dos Estados ao manter as decisións por unanimidade na gobernabilidade da UEM;
 - O Parlamento Europeo é colexislador co Consello só en 34 materias;
 - O principio de subsidiariedade seguirá a depender dos executivos en vez de ser realizado polos parlamentos de cada Estado.
 - A Presidencia do Consello, ao ser rotativa, non reflicte a maioría que goberna nos Estados.
 - A Presidencia da Comisión non responde á lóxica maioritaria. Co Tratado o Presidente da Comisión é elido polo Parlamento Europeo en conformidade cos resultados das eleccións europeas.
 - Non existe nengun mecanismo de democracia participativa.
 - As posibilidades de revisión son máis restrinxidas (unanimidade dos gobernos e ratificación por vía parlamentar/referendo) fronte a un modelo de revisión simplificado con novas disposicións como a capacidade de iniciativa do Parlamento Europeo
14. O nacionalismo galego ten que aprender das ensinanzas do acontecido durante o proceso constituinte a nivel español e cando se estatúa a Autonomía. A experiencia ten demostrado como, en tempos de política cerril e xacobina do goberno Aznar nos que se chegou a instrumentalizar agresivamente a Constitución española en contra do seu sentido literal contra as aspiracións das nacións sen Estado, acabamos convertendo-nos nos seus valedores. Circunstancia semellante deu-se co Estatuto perante o desleixo no seu desenvolvemento polo goberno Fraga.

15. O nacionalismo galego cometería un erro arremetendo indiscriminadamente contra o texto da Constitución pola existencia de partes coas que non estamos de acordo porque:
- nos isolaría politicamente;
 - tería un difícil entendimento e apoio social;
 - contribuiría a confirmar o estereotipo interesado que nos estigmatiza como “os do non”...;
 - equipararíamo-nos politicamente cos chamados “euroescépticos”.
16. En base a estas argumentacións apostamos por un **si crítico**. Non se trata dun si resignado nen cego senón dunha postura solidamente argumentada que sabe recoñecer os avances e criticar os elementos máis discutíbeis ofrecendo alternativas interpretábeis.
- Constituí a mellor maneira de facer chegar claramente as nosas teses na procura do máximo entendimento e apoio social ás mesmas;
 - Gañaremos en solvencia e credibilidade política como Forza de Goberno dando mostra á sociedade da nosa capacidade de abertura política e de permeabilidade ás súas reflexións, afastada de apriorismos ideoloxistas;
 - Conseguiremos marcar o noso perfil como unha alternativa diferenciada do “europapantismo” do PP e PSOE que tantos males ten provocado ao noso País.

Caros companheiros/as,

I. O PROCEDIMENTO

Na sessom de hoje do Conselho Nacional chegamos ao trascendental e definitivo ponto resolutivo sobre qual será a nossa postura perante o referendo polo que se aprobará o Tratado Constitucional para Europa.

O processo que seguimos até aqui quando menos mecere ser qualificado de singular e participativo.

- Singular no que atinge à sua sequenciaçom, na medida em que neste organismo já se deu o debate sobre o conteúdo do Tratado e se pronunciou há mês e meio ao adoptar umha posiçom inicial de rejeiçom sobre o assunto e que foi trasladada ao resto da militância junto com a outra proposta por nós apresentada.
- Participativo polo procedimento porque, segundo a máxima “umha pessoa-militante, um voto”, no âmbito das Assembleias Comarcais a globalidade da militância tivo opçom de debater, ter acesso a todas as argumentações e votar cada umha das propostas.

Neste sentido temos portanto que nos orgulhar e parabenizar polo exercício democrático de participaçom que vimos de protagonizar e que fomentamos desde o Conselho Nacional como máximo órgao de direcçom política da Frente.

II. A LINHA POLÍTICA DO BNG

Na sessom de hoje, antes de tomar a que será a nossa posiçom definitiva, temos que ter em consideraçom vários factores. Em primeiro lugar, sem dúvida, avaliar os resultados do processo assemblear desenvolvido a nível comarcal mas como direcçom política nom podemos renunciar a considerar, no tempo transcorrido do processo, aspectos de carácter conjuntural e estratégicos e que tenhem a ver com decisões tomadas na última assembleia nacional.

Para além de aprovar por ampla maioria um documento que recolhia umha avaliaçom crítica do projecto de Tratado Constitucional (no que se reconheciam, por certo, avanços), concluia-se a respeito da tomada de postura definitiva, momento no que estamos agora mesmo, o seguinte –e cito textualmente-: “a posiçom do BNG definirá-se em funçom da avaliaçom dos conteúdos do texto definitivo, do intercâmbio de opiniões com forças políticas nacionalistas doutros países e da análise do jeito mais eficaz de fazer chegar nitidamente à sociedade galega as teses do BNG na procura do máximo entendimento e apoio social às mesmas”.

As conclusões do debate do primeiro dos elementos (o conteúdo do texto definitivo) já o temos avondo debatido nos dous documentos alternativos apresentados, mas junto a isto nom podemos deixar de ter em conta o resto de factores.

Se num primeiro momento já conhecíamos o posicionamento das outras forças políticas operantes na Galiza, nos últimos tempos foram-se decantando outras organizações, nomeadamente as forças nacionalistas doutros países com as que temos um trabalho conjunto em diversos âmbitos. Assim a dia de hoje podemos constatar como as principais forças assinantes da Declaraçom de Barcelona (1998) e que em 2004 conformamos a coaligaçom Galeusca (desconheço a postura de valencianos e dos baleáricos) com a que concorreremos às últimas eleições europeias sob um programa comum e na qual estamos a trabalhar acotio nas instituições do Estado, estão por umha linha de posicionamento perante o referendo diametralmente oposta à que temos encaminhado.

Igualmente e embora afastado dos nossos principais referentes políticos, nom podemos ignorar o resultado do referendo recentemente celebrado no seio do Partido Socialista francês e que veio coalhar na sociedade e nos sectores mais

conscienciados do nosso país a ideia de que as forças progressistas europeias –com debate- estão por uma atitude de NOM REJEIÇÃO da Constituição europeia.

A procura do máximo entendimento e apoio social às nossas teses tem que ser também tido em conta neste momento crucial. Nom por casualidade este elemento foi introduzido no documento aprovado na XIª Assembleia Nacional na que falávamos de abertura real e efectiva do BNG à sociedade. Neste sentido temos, como direcção do BNG, que assumir qual é (ou pode ser) a dimensão social do Bloque frente ao que representam, opinam e sentem as pessoas que nos prestam ou têm prestado o seu apoio nas urnas e que nos tem dado as quotas de representação vigentes. Ideias, decisões ou até “tradições” que nos podem parecer mui justas e coerentes dentro nom o som aos olhos da grande massa do BNG potencial que anda próxima a nós e nom toma postura mais decidida polo nosso projecto.

Esta consideração parece estar presente nas nossas actuações dos últimos tempos...

- Quer na campanha que desenvolvemos de cara a reforma/aprovação dum novo Estatuto de Nação para Galiza na que abrimos muito inteligentemente vias de comunicação, de expressão e integração desse entorno favorável ao BNG que nom é estritamente do BNG (X.L. Barreiro, Freixanes, Mariñas...);
- Quer no desenho (aprovado, por certo, na reunião do último Conselho Nacional) das linhas-mestras do que está a ser a nossa pré-campanha de cara as eleições galegas de 2005 e na que tentamos vender um talante, consoante ao do novo candidato, dialogante e aberto.
- Quer na assunção da mensagem do País e da política “em positivo”.

Pois bem, como no caso da postura das restantes forças de Galeusca, dumha forma paralela o BNG parece ter encetado na postura perante o referendo o caminho diametralmente oposto. Estas nossas posições nom podem senom ver-se como contraditórias e a contradição está em nós e no nosso agir.

De mantermo-nos na linha contraditória encetada, de súbito, estamos a assumir um riscos inecessários (e procurados por nós próprios) no relativo a:

- Contrariaríamos o talante dialogante e aberto do que fazemos gala demonstrando umha incapacidade de permeabilidade ao sentir da maioria porque todo indica (e para isso estão os inquiridos de opinião e o próprio conhecimento que temos da realidade nacional), o baixíssimo nível de apoio que o rejeitamento do Tratado pode chegar a ter nom só a sociedade galega no referendo.
- Contribuiríamos a provocar o desconcerto desses sectores em base às nossas contradições que redundam o estereótipo interessado como “os do nom”;
- Explicitaríamos gratuitamente as nossas forças num contexto pré-eleitoral aberto incerta com o que podemos afogar ainda mais as expectativas que temos de converter ao BNG em força de governo após as eleições nacionais de 2005.

Na assunção destes riscos existe umha escala de perigosidade. Ainda estamos a tempo.

III. AS CONSEQUÊNCIAS

Tomar umha postura de semelhante magnitude exige contar com um plano de gestom das suas consequências e saber desde já dar resposta perguntas como que fazer perante a noite do referendo ou que mensagem de esperança ou alternativa lançaremos umha vez que se constate que essa vai ser a Constituição da União Europeia. Pode dar alguém aqui e agora umha resposta convincente a estas perguntas?

Sejamos conscientes que por activa ou por passiva com a nossa presumível postura:

- contribuiremos à legitimação dessa Constituição que dizemos rejeitar de raiz, já que, em circunstâncias semelhantes e noutros momentos históricos, diferentes projectos políticos têm-se legitimado à custa dos contrários necessários e
- trasladaremos a percepção de que somos contrários a Europa e ao entramado institucional europeu, por certo, a única instituição que tem avalado repetidamente (política e economicamente) em diferentes ocasiões as políticas que o BNG tem levado adiante (prémios ao Concelho de Alhariz pola recuperação do espaço rural, Plano de Tratamento de Resíduos da Comarca do Morraço por umha política sustentável,..) face a atitude doutras instituições (leia-se a autonómica e central) que nos têm negado “el pan y la sal”.

Para ir acabando...

IV SEREMOS BLOQUE

“Ser BNG” nom é só sempre e em todo momento tomar as decisões que permitam o avanço do nosso projecto no seio da sociedade nas melhores condições possíveis senom também aceitar as regras de jogo democráticas que nos temos dado. Por isto, os companheiros e companheiras que elaboramos e defendimos neste Conselho Nacional e nas diferentes Assembleias Comarcais o documento que apostava polo “SIM CRÍTICO”, umha vez que este organismo tome a postura definitiva, assumiremo-la como própria e defenderemo-la seja esta qual for.

Primeiro, porque somos democratas;

Segundo, por disciplina.

Terceiro, porque respeitamos a autoridade democrática deste Conselho Nacional.

Muito obrigad@.

VALORACIÓN DO REFERENDO DO 20 DE FEBREIRO

*Documento presentado pola Executiva Nacional do BNG ao Consello Nacional de
Marzo de 2005*

Desde o pasado verán, o BNG logrou retomar a iniciativa conseguindo que a actividade política na Galiza se centrara nos problemas do país: na oposición a unha nova reconversión naval, na demanda dun tratamento orzamental xusto ou na oferta dun pacto nacional sobre o autogoberno e as infraestruturas. Un BNG máis activo cara fóra e máis cohesionado cara dentro, percebido por moitos galegos e galegas como a alternativa ao goberno do PP.

Neste contexto o BNG decidiu promover un debate interno, informado e aberto, para a análise do Tratado Constitucional da Unión Europea e para decidirmos a posición da organización diante do referendo convocado polo goberno español. Fomos a única forza política galega que decidiu democraticamente a súa recomendación de voto. E o debate foi frutífero: nas conclusións finais, que tiveron en conta as achegas e reflexións de todos e todas, ponderáronse equilibradamente as valoracións estratéxicas e de fondo coas de carácter táctico e conxuntural que, inevitavelmente, inflúen no proceso. Todos e todas contribuímos e todos e todas corresponsabilizámonos desta decisión.

E decidida a nosa recomendación de voto, a campaña desenvolveuse nas mesmas claves: fronte a propaganda goberamental, do PP e do PSOE, o BNG tentou informar e debater co conxunto da sociedade galega. Sen fachenda podemos o BNG pode estar orgulloso de ter feito fronte a desproporción de medios coa forza das nosas razóns e, en boa medida, de ter logrado evitar que Galiza estivese ausente na campaña. A falta de debate cos demais partidos, o BNG dialogou coa sociedade galega: con charlas, mesas redondas e mítins realizados por toda a nación o BNG explicou as repercusións que o Tratado terá para Galiza e a necesidade dunha Europa mellor na que Galiza teña unha voz propia.

E fronte as leituras interesadas que desde PP e PSOE se fan dos resultados do referendo en Galiza, hai datos certos que deben ser salientados:

- Menos dun terzo do corpo electoral galego votou favorablemente o Tratado Constitucional.
- Apenas acudiu a votar o 43% do censo.
- O 12,5% de voto negativo, xunto co 6,5% de voto en branco configuran un pólo crítico importante fronte ao actual modelo de construción europea.
- É nos feudos tradicionais do PP – zonas rurais, poboación de maior idade - onde se rexistra unha maior participación e unha maior porcentaxe de voto afirmativo. Pola contra, e seguindo unha tendencia que se observa no conxunto do Estado, nas cidades e vilas houbo unha porcentaxe máis elevada de voto negativo – arredor do 15% de media – xunto cunha participación máis baixa.

Non hai pois motivos para o triunfalismo exhibido por PP e PSOE. Nen os hai tampouco para entender que os resultados foron unha derrota para o nacionalismo, como interesadamente se afirma desde certas instancias políticas e mediáticas.

Acertamos no prantexamento e no desenvolvemento da campaña. E, á marxe das comparacións que se fagan con outras nacións do Estado, os resultados – voto negativo, voto en branco, abstención - non defraudaron as expectativas que inicialmente nos marcamos.

Así pois, non cabe realizar extrapolacións apartir duns resultados que responden a dinámicas e lóxicas diferentes das que explicarán os resultados das próximas autonómicas. **O BNG segue mantendo intactas as opcións que tiña antes do 20 de Febreiro para derrotar o PP e lograr a presidencia dun goberno alternativo na Galiza.** Por esa razón somos o alvo dos ataques de Fraga e do PP. Por iso nos atacan: porque saben que o BNG é a verdadeira ameaza – en termos políticos e en termos eleitorais – á hexemonía da dereita española en Galiza.

O BNG é o motor do cambio que Galiza precisa. E os homes e as mulleres nacionalistas debemos estar á altura dos retos que imos ter que afrontar nos próximos meses: respondendo con firmeza e con tranquilidade aos ataques do PP, afirmando o noso perfil diferenciado na sociedade e nas institucións, pondo en valor os activos – candidatos e propostas - cos que concorreremos ás próximas autonómicas e, sobretudo, sendo conscientes de que un BNG activo, unido e cohesionado é a nosa mellor garantía de éxito.

VALORIZAÇÃO (AUTO)CRÍTICA DO REFERENDO DA CONSTITUIÇÃO EUROPEIA

Documento apresentado por E.N. no Consello Nacional de Marzo de 2005

CONSTANTANDO QUE:

1. No último quadrimestre do ano passado o BNG conseguiu retomar a iniciativa política centrando a actividade política nos problemas do País de forma exitosa:

- Oposição à reconversão naval (IZAR)
- Demanda dum tratamento orçamental justo nos primeiros orçamentos do PSOE e chumbamento dos orçamentos no Senado em colaboração com forças de Galeusca.
- Oferta dum pacto nacional sobre o autogoverno – Foro do Novo Estatuto
- Pacto nacional sobre infraestruturas PEIT.

Esta retomada da ofensiva política parecia que estava a dar frutos, conseguindo torcer a tendência à baixa dos últimos tempos, detectando-se um reponte no Barómetro de Inverno que dava uma intenção directa de voto ao BNG do 15,3% (traduzido num 22,54%)¹ de maneira que muitos galegos nos percebesen como a alternativa ao governo do PP.

2. Se bem nos dotamos dum procedimento singular e participativo no processo de tomada da que seria a postura do BNG perante o referendo garantindo que toda a militância pudesse ter acesso a todas as argumentações e votar cada uma das propostas, **este processo nom se viu complementado segundo o mandato assemblear** que indicava, antes de tomar a postura definitiva: *“a posição do BNG definirá-se em função da avaliação dos conteúdos do texto definitivo, do intercâmbio de opiniões com forças políticas nacionalistas doutros países e da análise do jeito mais eficaz de fazer chegar nitidamente à sociedade galega as teses do BNG na procura do máximo entendimento e apoio social às mesmas”*.

3. Da mesma maneira que nom era identificável a identidade da ideia de “Galiza Nação” com o Nom a este Tratado, resulta também incorrecto afirmar que de ter assumido uma posição distinta ao NOM, estaríamos a assumir que os galegos nom nom seríamos capazes de valer-nos por nós próprios ou que perdemos a capacidade crítica. É mais, perdeu-se uma ocasião para demonstrar a nossa capacidade de flexibilidade política e de saber aproveitar as oportunidades que si nos venhem dadas da UE.

O BNG, tendo marcado como objectivo estratégico configurar-se como **força de governo** desde a IX Assembleia Nacional, nom deve limitar-se a ser a eterna *consciência crítica* da sociedade (para isso existem outros movimentos sociais tipo ATACC) à hora de definir a sua estratégia política, devendo ser consciente que a transformação da sociedade só se consegue desde o governo e para isso resulta um erro fulcral acometer estratégias de risco eleitoral como a que acabamos de

¹ *Dados Barómetro de Inverno (La Voz de Galicia, Dezembro 2004)*

BNG	15,30%
PSOE	17,50%
PP	21,10%

atravesar e que afectam à nossa base eleitoral como estava anunciado nos inquéritos.

Por outro lado o embate do **aparelho mediático do governo central**, se bem era tendencioso na sua mensagem, nom foi da agressividade doutras ocasiões já que os apoios parlamentares do actual governo dependem de organizações (ERC e IU) que defendiam o nom; da mesma forma, desde o PP nom se lançaram ataques furibundos (a diferença doutras ocasiões), conscientes como eram da existência dumha parte importante do seu eleitorado que estava polo nom.

Argumentações demagógicas do estilo de ficar sem dinheiro da UE, da perda de ajudas... lançadas contra nós som do esperado e às que ainda nom sabemos neutralizar na sua medida polo que enquanto nom as podamos para o melhor seria evitar cair em situações que dem lugar a esse tipo de veleidades contra nós.

A LEITURA DOS RESULTADOS DO REFERENDO NA GALIZA.

- Se bem apenas um terço do corpo eleitoral galego votou favoravelmente o Tratado, OS VOTOS DO NOM APENAS SUPONHEM O 5,2% (E OS BRANCOS O 2,77%) DESSE CORPO ELEITORAL GALEGO, REDUZINDO-OS À MÍNIMA EXPRESSOM.

Igualmente pode-se argumentar que a escasa movimentação do eleitorado a pró do NOM e simtomático de que na Galiza esta é umha postura que nom ilusiona nem suscita a adesom da sociedade (e do que é pior, a nossa própria base eleitoral).

- Apenas acudiu a votar o 43,04% do censo, ORA BEM ESTA PARTICIPAÇOM FOI SUPERIOR À MÉDIA DO ESTADO (42,32%) E SEMELHANTE À REGISTADA NAS ÚLTIMAS ELEIÇÕES EUROPEIAS (-4%).

Este índice vem constatar umha tendência nos últimos tempos de umha participação eleitoral dos galegos nuns parámetros semelhantes aos havidos noutras zonas do Estado. A legitimidade do resultado é inquestionável, como igualmente legítimos foram as eleições ao Parlamento europeu de 2004.

// (se a "Consulta" de Ibarretxe tivesse este resultado?)

- Se bem esse PÓLO CRÍTICO suma o 18,7% de voto (12,21% NOM + 6,49% BRANCO), resultaria um erro atribuir-se a gestom desse "pólo" em exclusivo ao voto nacionalista já que há outros elementos que estavam nessa posição.

- Voto de IU: 1,37-1,77% (17.000-31.000 votos).

- Voto marginal (Falange Espanhola, Nós-UP, Democracia Nacional, PADE, FE-JONS, Aralar, PCPE) e que sumam o 1,1% (11.800 votos nas europeias)

- Voto PP que se decantou polo NOM, de difícil quantificação, mas existente.

Constata-se que o voto PP tivo umha dupla expressom:

i) como umha forma de "castigar" a Zapatero

i) como posição ideológica dum sector da direita espanhola operante na Galiza (insignificante quantitativamente, mas importante qualitativamente) e localizado preferenemente nos "distritos centro" das cidades e vilas galegas.

Os resultados obtidos no referendo polo SI mostram umha realidade dual no PP:

i) a do voto ideologizado da direita por um lado e

ii) a do voto caciquil que si se mobilizou polo si (caso da província de Ourense) // Chamamento de Fraga ao SI.

Ao fio dos resultados do referendo na Galiza **nom se pode concluir categoricamente:**

1. que seja nos feudos tradicionais do PP onde se registre umha maior participação e maior voto afirmativo
2. que essa tendência observada nas cidades dumha percentagem mais elevada de voto negativa seja atribuível ao BNG.

Ex: No Distrito Centro da cidade de Vigo a percentagem do NOM foi do 19% (+7 a respeito da média galega e +3 face o 16,44 de média desse concelho).

A SINGULARIDADE GALEGA NO CONTEXTO ESPANHOL.

A comparaçom dos resultados nom só com os de outras nações do Estado senom com as regiões espanholas vêm a demonstrar um comportamento parelho ao espanhol e a escasa ascendência eleitoral do BNG.

	Espanha	Galiza	Eus-Cat
Sim	79,18	81,3	63,60
Nom	14,07	12,21	29,17
Branços	5,83	6,49	6,37
Nulos	0,92	0,95	0,86

Se bem a comparaça com Euskadi e Catalunha nom resulta neste caso homologável (?), a valorizaçom global dos resultados do ponto das teses do BNG nom pode ser satisfatório ao abeiro dos resultados do referendo nas regiões espanholas, nas que nom existe nengumha força equiparável ao BNG, salvo a concorrência PSOE-PP-IU (igualmente existente na Galiza).

Ao fio destes dados poderia-se afirmar que esse pólo crítico na Galiza é das dimensões do pólo crítico de Castilha e Leom ou a Regiom de Múrcia, com a salvidade da existência no nosso país dumha força das dimensões do BNG (vertebradora politicamente dessa visom crítica da construçom europeia) que nom se enxerga nos resultados.

Portanto a expressom do voto BNG na Galiza no referendo tornou-se numha espécie de **"VOTO INVISÍVEL"**.

Com a nossa postura convertemo-nos em referente do NOM na Galiza, o qual foi – conforme o declarado por um destacado referente/líder do BNG o passado domingo em declarações a um jornal viguês (*de X.M.Beiras, Presidente do Conselho Nacional*) – "um ERRO", pois *ao identificar –com efeito- esse NOM com o apoio à tese do BNG, fizemos com que se percebesse que para ser nacionalista só cabia um NOM como opçom.*

Que aconteceu?

A base eleitoral do BNG simplesmente nom seguiu a nossa recomendaçom de voto; foi votar (daí que a participaçom na Galiza fosse superior à média do Estado) e fixo-o nos termos nos que se expressava um inquérito dado a conhecer em 12/12/2004² e conforme se têm expressado os intelectuais e mundo da cultura do entorno do BNG.

Da mesma maneira, esta atitude vem a confirmar o perfil, já conhecido, do votante do BNG: gente formada, informada,... que perante umha disjuntiva como a dada no referendo vota independentemente das recomendações realizadas polo BNG.

INCUMPRIMENTO DE OBJECTIVOS MARCADOS

² SI: 45,7%; NOM 9,8%; NS/NC 44,5

No documento de tomada de postura perante o referendo, o BNG marcava-se os seguintes objectivos:

1. Ilusionar a sectores de consciência nacionalista (mocidade);
2. Ilusionar e galvanizar a sectores da militância (ou nom) que em processos recentes puderom ter um distanciamento do BNG;
3. Colocar-nos em melhor posiçom para afrontar a campanha das eleições galegas pondo em valor o projecto nacionalista.

POIS BEM, à vista do processo nengum dos objectivos marcados foram alcançados:

1. Nom se detecta umha participaçom maior da mocidade.
2. Nom se constata, em base a umha maior ilusiom, nem umha maior participaçom nem a influênciã em favor das teses defendidas polo BNG desses sectores que se tinham afastado em anteriores convocatórias (nomeadamente sindical). É mais, veu-se a demonstrar a sua nula ou escasa capacidade de mobilizaçom eleitoral.
3. De cara as eleições autonómicas explicitamos gratuitamente as nosss forças, com o que podemos ter contribuido a aofgar as nossas expectativas de converter ao BNG em força de governo.

REFERENDO VS. AUTONÓMICAS

Até que ponto os resultados do referendo podem afectar às expectativas do BNG de cara as eleições galegas deste ano?

Nom tem porque existir umha extrapolaçom directa entre os resultados obtidos no referendo e os resultados das próximas eleições galegas, ora bem o facto de que boa parte da base eleitoral do BNG nom tivesse seguido as nossas recomendações é um fenómeno que pode reduzir as nossas expectativas nun cenário apriori positivo (tal como dá a conhecer o barómetro de Inverno) de cara aos processos do futuro imediato.

QUE FAZER? (que diria Lenine)

Com o fim de reverter esta tendênciã urge mais que nunca pôr-se a trabalhar, de cara as eleições galegas em:

- Campanha de reforma/aprovaçom do novo Estatuto para Galiza no que abrimos vias de comunicaçom muito inteligentemente com esse contorno favorável ao BNG que nom é estritamente BNG (Barreiro, Freixanes) identificando autogoverno=bem-estar e nacionalismo=cidadania.
- Aprofundar no desenho de campanha na que tentamos vender um talante, consoante ao do candidato, aberto e dialogante sendo permeáveis às demandas e expectativas da sociedade conscientes, tal como dixo o poeta moçambicano de que "para escrever dum povo, há que lê-lo".
- Assumir umha mensagem do País e da política "em positivo" e nom redundar em linhas como "os do nom".

Muito obrigad@.

ANÁLISE RESULTADOS REFERENDO C.E. DIFERENZA ENTRE O VOTO ESPERADO E O REAL

ANDALUCÍA	PSOE	PP	IU	PA		Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	54,38	36,12	5,05	2,57		0,49	1,39	100,00		
SI	54,38	36,12		2,57				93,07	83,24	-9,83
NON			5,05					5,05	11,64	6,59
BLANCO						0,49		0,49	5,12	4,63
ARAGÓN	PSOE	PP	IU	CHA	PAR	Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	45,84	39,96	3,06	6,13	2,94	0,80	1,27	100,00		
SI	45,84	39,96			2,94			88,74	80,94	-7,80
NON			3,06	6,13				9,19	12,78	3,59
BLANCO						0,80		0,80	6,28	5,48
ASTURIAS	PSOE	PP	IU			Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	46,39	44,37	6,30			0,73	2,21	100,00		
SI	46,39	44,37						90,76	75,65	-15,11
NON			6,30					6,30	17,93	11,63
BLANCO						0,73		0,73	6,42	5,69
CANARIAS	PSOE	PP	IU	CC		Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	38,50	39,99	1,84	16,92		0,50	2,25	100,00		
SI	38,50	39,99		16,92				95,41	86,03	-9,38
NON			1,84					1,84	10,00	8,16
BLANCO						0,50		0,50	5,12	4,62
CANTABRIA	PSOE	PP	IU			Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	42,26	52,46	2,54			0,83	1,91	100,00		
SI	42,26	52,46						94,72	79,23	-15,49
NON			2,54					2,54	14,53	11,99
BLANCO						0,83		0,83	6,24	5,41
CASTILLA-LEÓN	PSOE	PP	IU			Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	41,61	53,11	2,41			0,81	2,06	100,00		
SI	41,61	53,11						94,72	80,97	-13,75
NON			2,41					2,41	12,59	10,18
BLANCO						0,81		0,81	6,44	5,63
CASTILLA-MANCHA	PSOE	PP	IU			Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	45,81	49,67	2,65			0,59	1,28	100,00		
SI	45,81	49,67						95,48	81,98	-13,50
NON			2,65					2,65	11,76	9,11
BLANCO						0,59		0,59	6,26	5,67
CATALUNYA	PSC	PP	IU	CIU	ERC	Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	42,85	17,81	7,17	17,44	11,80	0,55	2,38	100,00		
SI	42,85	17,81		17,44				78,10	64,64	-13,46
NON			7,17		11,80			18,97	28,07	9,10
BLANCO						0,55		0,55	7,29	6,74
COM.VALENCIÁ	PSOE	PP	IU	BLOC	ERP	Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	42,21	49,72	3,33	1,12	0,90	0,54	2,18	100,00		
SI	42,21	49,72						91,93	77,36	-14,57
NON			3,33	1,12	0,90			5,35	16,41	11,06
BLANCO						0,54		0,54	6,23	5,69
EXTREMADURA	PSOE	PP	IU			Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	52,24	43,25	2,55			0,49	1,47	100,00		
SI	52,24	43,25						95,49	85,19	-10,30
NON			2,55					2,55	9,34	6,79

BLANCO						0,49		0,49	5,47	4,98
GALIZA	PSOE	PP	IU	BNG		Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	36,20	47,72	1,53	12,32		0,67	1,56	100,00		
SI	36,20	47,72						83,92	81,30	-2,62
NON			1,53	12,32				13,85	12,21	-1,64
BLANCO						0,67		0,67	6,49	5,82
ILLES BALEARS	PSOE	PP	IU	PSM	UM	Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	38,76	46,57	2,36	3,36	3,11	0,65	2,32	100,00		
SI	38,76	46,57			3,11			88,44	77,59	-10,85
NON			2,36	3,36				8,59	16,07	7,48
BLANCO						0,65		0,65	6,34	5,69
LA RIOJA	PSOE	PP	IU			Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	43,85	51,27	2,07			0,74	2,07	100,00		
SI	43,85	51,27						95,12	82,27	-12,85
NON			2,07					2,07	11,98	9,91
BLANCO						0,74		0,74	5,75	5,01
MADRID	PSOE	PP	IU			Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	42,86	49,54	5,13			0,71	1,76	100,00		
SI	42,86	49,54						92,40	73,95	-18,45
NON			5,13					5,13	19,39	14,26
BLANCO						0,71		0,71	6,66	5,95
NAFARROA	PSOE	PP	IU	EA	ARALR	Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	34,94	45,19	4,27	4,84	4,43	0,86	2,51	100,00		
SI	34,94	45,19						83,09	65,30	-17,79
NON			4,27	4,84	4,43			13,54	29,22	15,68
BLANCO						0,86		0,86	5,48	4,62
EUZKADI	PSOE	PP	IU	PNV	EA	Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	28,23	21,05	4,17	35,28	7,76	0,59	1,66	100,00		
SI	28,23	21,05		35,28				84,56	62,61	-21,95
NON			4,17		7,76			13,19	33,66	20,47
BLANCO						0,59		0,59	3,73	3,14
MURCIA	PSOE	PP	IU			Blanco	Resto	ESPER	REAL	DIF
Europeas 2004	36,36	58,94	2,85			0,51	1,34	100,00		
SI	36,36	58,94						95,30	81,79	-13,51
NON			2,85					2,85	12,89	10,04
BLANCO						0,51		0,51	5,32	4,81

CORRELACIÓN VOTO PP-DIFERENCIAL VOTO NON

	%VOTO			%VOTO		SUMA
	PP	DIF		PP	DIF	TRAMO
Andalucía	36,12	6,59	Andalucía	36,12	6,59	
Asturies	44,37	11,63	Canarias	39,99	8,16	
Canarias	39,99	8,16	Extremadura	43,25	6,79	
Cantabria	52,46	11,99	Asturies	44,37	11,63	
Castilla - La Mancha	49,67	9,11	Illes Balears	46,57	7,48	8,13
Castilla y León	53,11	10,18	Castilla - La Mancha	49,67	9,11	
Comund.Valenciá	49,72	11,06	Comund.Valenciá	49,72	11,06	
Extremadura	43,25	6,79	La Rioja	51,27	9,91	
Illes Balears	46,57	7,48	Cantabria	52,46	11,99	
La Rioja	51,27	9,91	Castilla y León	53,11	10,18	
Región de Murcia	58,94	10,04	Región de Murcia	58,94	10,04	10,38
			Coeficiente de Correlación =	0,62395		

Tratamos de establecer unha relación entre o diferencial de voto non e o PP. Eliminamos aquelas CCAA onde se producen distorsións por outros fenómenos: presenza de partidos nacionalistas ou rexionalistas con indisciplina de voto (Euzkadi, Catalunya, Galiza, Aragón, Navarra) ou forte incidencia do voto urbano (Madrid) onde o voto non ten máis peso.

Ordenando de menor a maior por peso electoral do PP vemos:

- o A media do diferencial do non é menor no grupo de CCAA con menor incidencia electoral do PP que no grupo de maior incidencia electoral.
- o Si aplicamos un método máis preciso como é calcular o Coeficiente de Correlación entre a serie correspondente ao peso electoral do PP (%VOTO PP) a serie correspondente ao diferencial de voto non (DIF), da un resultado do 0,62395.

Un coeficiente de valor 1 sería a correlación perfecta, o valor 0 indicaría que non hai ningunha correlación. Por riba do 0,5 podemos considerar que existe un certo degraio de correlación. O resultado obtido indica que si hai unha relación entre o peso electoral do PP e o diferencial de voto non, si ben existen tamén outras influencias.

CALCULO DO VOTO "NON" QUE CORRESPONDE AO BNG

Nas pasadas eleccións europeas o PP tivo na Galiza unha porcentaxe de voto do 47,72%. Si atendemos aos datos do cadro "Correlación de Voto" este valor estaría situado nun punto medio, entre o 46,57% das Illes Balears e o 49,67% de Castilla-La Mancha. Polo tanto poderíamos tomar dun xeito conservador o valor medio do tramo baixo: 8,13 para aplicar na Galiza como valor diferencial do voto "non".

Resultaría para o BNG a seguinte porcentaxe de voto: 12,21 (%voto non) - 1,53 (% de EU nas EEuropeas) - 8,13 (Diferencial de voto "non") = 2,55 que sobre o 12,32% de porcentaxe de voto que tivo o BNG nas EEuropeas representa:

porcentaxe de votantes do BNG nas EEuropeas que agora votaron "non"..... $2,55 * 100 / 12,32 = 20,70\%$

Actualmente, de acordo co Barómetro de Inverno correspondente a Decembro 2004 (Voz de Galicia 12/12/2004), a porcentaxe de votantes do BNG é bastante maior, polo que o resultado aínda sería peor . Imolo calcular.

Barómetro de Inverno 2004

PSOE 17,5%

PP 21,10%

BNG 15,30%

Total: 64,90%

Nas últimas Autonómicas a suma BNG,PSOE e PP representaron o 95,60% dos votos emitidos

Aplicando o coeficiente $95,6/64,9 = 1,473$ resulta a seguinte porcentaxe sobre voto emitido

PSOE 25,78

PP 31,08%

BNG 22,54%

porcentaxe de votantes do BNG según o Barómetro que agora votaron "non"..... $2,55 * 100/22,54 = 11,31\%$

O Barómetro facilitaba outra información. Daba a porcentaxe de votantes do BNG nas Xeráis que no referendo votarían "si" ou "non"

SI 45,70%

NON 9,8%

Total: 55,5%

Sobre os votantes que manifestaban a súa intención de votar no referendo o "non" representaba o **17,66%** ($9,8 * 100/55,5$)

Resulta un valor intermedio entre os calculados anteriormente.



Deseño do calendario'05 realizado por Esquerda Nacionalista-Mocidade